



CONFRARÍA DE PESCADORES “VIRXE DA BARCA”

Cl Porto Pesqueiro SN

15124 MUXÍA –A CORUÑA –

TFNO.: 981-742030 FAX: 981-742477

CIF: G-15.033.913

MANUAL DE ACOLLIDA



ÍNDICE:

1. Mensaxe de Benvida do Patrón Maior	3
2. Datos identificativos, de contacto e comunicación coa confraría	4
3. Funcións da confraría	5
4. Un pouco de historia das confrarías.....	7
5. Compromiso de calidade e responsabilidade social corporativa	8
6. Formulación de queixas, suxestións e agradecementos.....	9
7. Entidades asociativas de interese.....	10
8. Carta de servizos aos socios e Clientes.....	11
• Servizos Administrativos.....	11
• Servizos de Carácter Económico.....	11
• Servizos de Orientación	12
• Outros Servizos.....	12
• Compromisos.....	12
• Servizos Telemáticos	12
• Dereitos e obrigas dos socios en relación aos servizos.....	13
9. Dereitos e obrigas dos socios da confraría.....	14
10. O patrón maior e o cabido.....	16
11. Transparencia e xestión dos conflitos de interese	18
12. Outras Consideracións.....	19
Riscos laborais: política de seguridade e saúde	19
Beneficios sociais e convenios con outras entidades.....	21
¿Como axuda a nosa confraría aos novos socio?	21
Promoción do voluntariado.....	22
O defensor do socio.....	22
13. Anexo: Datas de actualización e comentarios.....	23





1. Mensaxe de Benvida do Patrón Maior

Estimado compañeiro:

Como patrón maior quero darche a **benvida** mais sincera á nosa confraría, que de agora en diante queremos que sintas tamén como túa.

Dende este momento formas parte da nosa entidade que conta con mais de 70 anos de Historia. Esa historia, e a experiencia derivada da mesma, está a túa disposición para **axudarche** na túa actividade laboral e, esperamos que pertencer a nosa entidade sexa motivo de orgullo, sinal de identidade e de capacidade para construír un futuro digno e sustentable.

A confraría está para **acollerte** e que te sintas aceptado/a e incorporado a unha actividade produtiva non exenta de circunstancias adversas, de maneira que xuntos e con forza poidamos loitar pola noso sector e polo medio natural e social, que nos da soporte.

Creemos que ti es o factor principal do noso servizo. A parte **esencial**, sen dúbida, o que nos fai diferentes de calquera outra entidade. Así o sentimos e así actuamos. Por ese motivo, terás ao teu alcance todas as vantaxes que figuran neste manual e sobre todo, a nosa disposición a acompañarte, e a responder as túas inquedanzas, dun xeito persoal, sempre que o necesites.

Queremos que te sintas apreciado e **valorado** como home/muller de mar, como persoa responsable que busca o seu medio de vida, e que agradece á sociedade a posibilidade de facer do mar a súa profesión e do seu recurso un orgullo para todos os galegos.

Queremos que sintas que confraría a **facemos entre todos**, por iso che pido a túa colaboración, que cumpras coas túas obrigas para coa confraría e que nos axudes dentro das túas posibilidades a melloralala. Queremos que estes presente nas reunións e actividades que desenvolvemos e nos des a túa opinión.

Por último, prégoche que leas o manual de Acollida que aparece na web da Confraría. Nel encontrarás información de moito interese sobre a nosa Entidade.

Unha aperta.

Daniel Castro
Patrón Maior





2. Datos identificativos, de contacto e comunicación coa confraría

Nome: CONFRARIA DE MUXIA

CIF: G15033913

Enderezo: Rúa Porto Pesqueiro, SN (Lonxa)

15124 Muxía – A Coruña -

Teléfonos:

- Confraría: 981742030
- Lonxa: 981742039
- Fax Confraría: 981742477
- Fax Lonxa: 981302246
- Fábrica Xeo: 606.400.934, 637.86.71.54

E-mail:

- cvbarca@infonegocio.com
- cofradiamuxia@gmail.com

Web:

- www.cofradiademuxia.gal
- <http://cofradiademuxia.sytes.net>

Redes sociais:

- <https://www.facebook.com/cofradiademuxia/>

Taboleiro de Anuncios

- Físico: na Entrada da Confraría planta baixa e outro na planta alta.
- Virtual: No sitio Web da Confraría.





3. Funcións da confraría

Como se especifica nos estatutos, os ámbitos fundamentais nos que a confraría desenvolve as súas funcións son:

1) Como órgano de consulta e colaboración coa Administración:

- a) **Orientar** a todos/as os/as seus afiliados/as membros sobre as accións derivadas da aplicación da normativa concernente ao sector pesqueiro e, en particular, sobre axudas, subvencións e programas establecidos pola Administración pública.
- b) **Promover** actividades de formación dos/as profesionais nas actividades referidas á pesca.
- c) **Servirle** como entidade de consulta á Administración en aquelas cuestións concernentes ao sector, en especial na elaboración das disposicións de carácter xeral que lle sexan sometidas.
- d) Elevarlle á Administración propostas sobre materias de interese pesqueiro e, en particular, sobre aquelas accións tendentes a mellorar as condicións técnicas, económicas e sociais da actividade pesqueira.
- e) **Promover** a creación de servizos comúns para os/as seus afiliados/as e membros.
- f) **Velar** polo estrito cumprimento da legalidade normativa e en especial en materia de pesca, de descarga, primeira venda e de comercialización dos recursos mariños cando teñan asignados estes servizos.
- g) **Colaborar** coa Administración na elaboración das estatísticas do sector pesqueiro e marisqueiro e, en particular, remitir á consellería competente en materia de pesca os datos relativos á descarga e primeira venda dos recursos mariños en fresco, no prazo máximo de dous días, e na forma determinada regulamentariamente.
- h) **Facilitar** o labor de inspección e subministrar a documentación e información que se precise, a requirimento da administración competente.
- i) **Desenvolver** aquelas outras funcións que lles sexan atribuídas ou encomendadas dentro das competencias que teña a consellería competente en materia de pesca.

2) Na defensa dos intereses profesionais, correspóndenlle as funcións de:

- a) **Promover** a creación de servizos sociais, recreativos, culturais ou análogos para as súas persoas membro.
- b) **Xestionar** as áreas da zona marítimo e marítimo terrestre que lle foran confiadas mediante o título administrativo habilitante correspondente, expedido pola Administración competente.





- c) **Xestionar** e administrar aqueles bens patrimoniais que lles sexan cedidos por calquera Administración pública para o cumprimento dos seus fins.
- d) **Responsabilizarse** da vixilancia das zonas de dominio público marítimo, e marítimo terrestre, que lle foran confiadas para o seu aproveitamento.
- e) **Administrar** os seus propios recursos e patrimonio.
- f) Promover a execución de plans de capturas, concentrar a oferta e regularizar os prezos.
- g) **Establecer** os plans de produción e comercialización, co fin de mellorar a calidade dos produtos e adaptar o volume da oferta ás esixencias do mercado.
- h) Facilitar a **comercialización** da produción, de acordo coa normativa vixente.
- i) Adoptar as medidas necesarias para a aplicación da política pesqueira comunitaria que sexan da competencia dos/as produtores/as..
- j) Fomentar o movemento asociativo como instrumento para a consecución dos obxectivos de ordenación e potenciación do sector.
- k) **Favorecer** a creación de empresas, asociacións e cooperativas, coa posibilidade de participar nelas, co obxectivo de acadar eficacia e rendibilidade nos procesos de transformación e comercialización dos produtos pesqueiros, así como participar en proxectos que fomenten a súa diversificación pesqueira e acuícola.
- l) **Prestar servizos** de carácter xeral aos/ás afiliados/as.





4. Un pouco de historia das confrarías

As confrarías de Pescadores somos institucións con fonda **tradición histórica** en Galicia, existindo antecedentes que se remontan o século XIII, cando aparecen As Irmandades das Vilas e Marismas dos Reinos de Galicia e Asturias.

Estas entidades foron evolucionando ó longo do tempo adaptándose as necesidades económicas e laborais que foron xurdindo no país, perdendo o seu carácter relixioso que as caracterizaba na súa etapa inicial para se converteren primeiro en organizacións laborais e de asistencia mutua, posteriormente en pósitos de pescadores, e finalmente recuperando a súa vella denominación en corporacións sen ánimo de lucro de dereito público.



As Confrarías eríxense nunha das canles máis **eficaces** para que os poderes públicos poidan recoñecer e darlles resposta en cada momento as inquietudes que do sector pesqueiro xorden hoxe. En virtude do establecido, queda clara a natureza das Confrarías e a dependencia do sector pesqueiro das mesmas. As confrarías ofertamos servizos o sector (Venda dos recursos procedentes do mar, Xeo, Pertreitos, Encarnadas, asesoramento, tramitación de documentación, auxilio,...). No seo desta Confraría benefíciense destas actividades aproximadamente 200 asociados.





5. Compromiso de calidade e responsabilidade social corporativa

A confraría está para velar polos intereses dos seus asociados e , na medida das súas posibilidades, axudar a mellorar a calidade de vida dos seus traballades e de todo o seu contorno social. A confraría pretende mellorar ano a ano, prestando mellores servizos.

Desde o ano 2015 a nosa confraría iniciou un proceso de implantación da **Responsabilidade Social Corporativa (RSC)**, isto significa adquirir un compromiso para mellorar o noso desempeño para cós nosos asociados, traballadores, administracións publicas, así como o noso contorno local e social. A Responsabilidade Social Corporativa supón tamén adquirir unha preocupación polo **futuro**, polo futuro das novas xeracións de mariñeiros e mariscadores.

O Compromiso de Responsabilidade supón tratar de mellorar día a día a Xestión no eido Social, Económico e Medioambiental.

- No eido **Social** a Confraría intenta axudar aos seus asociados ofrecéndolle servizos de calidade, canalizando axudas e tramitando unha ampla variedade de documentación. A Confraría aposta pola Transparencia Contable, Fiscal e Social, sendo esta unha das súas siñas de identidade. A Confraría é plenamente consciente, e se compromete nas tarefas de bo goberno, e se esforza por escoitar aos seus asociados e se implica nas súas problemáticas.
- No eido **Económico** a Confraría apoia aos seus membros a través de varios mecanismos, ofrecendo servizos diversos, encarnadas, pertreitos, xeo, servizos administrativos en materia de seguridade social, laboral, asesoramento, etcétera. Aposta pola Innovación e polas novas tecnoloxías. Día a día intenta abrir novas canles de comunicación cos seus afiliados, clientes e Administracións. Apoia o **Networking** (sistema de colaboración) entre os seus iguais (comunicación entre Confrarías, sobre todo no marco de influencia do seu ámbito territorial), e ten unha aposta decidida polo **Shared knowlege** (coñecemento compartido)
- No eido **medioambiental** a confraría difunde o respecto ao medio natural. Habitualmente participa en actuacións en favor do medio mariño tales como a recollida de lixo procedente do medio mariño, combustibles (a través de Convenios coa Administración –MARPOL-), e colaborando con distintas entidades na Limpeza de Praias, etcétera.

Como consecuencia de este proceso de implantación da RSC, esta confraría elaborou unha primeira versión de este manual de acollida no ano 2016 e pretende seguir avanzando nesta liña traballo.





6. Formulación de queixas, suxestións e agradecementos

Os asociados poden axudar a mellorar a confraría facendo suxestións, e se procede realizando as queixas pertinentes. Para facilitar a realización de queixas e suxestións, a confraría pon a disposición dos asociados, usuarios e demais persoas os seguintes medios:

- Formulario a presentar por **REXISTRO** de entrada na confraría. Este formulario atopase nas dependencias da Confraría.
- **Correo electrónico:** Dispoñible no sitio Web da Confraría <http://www.cofradiademuxia.gal> en Procedementos Administrativos.
- **Web:** Dispoñible na Web da Confraría no apartado Información Queixas e Suxestións.
- **Correo Postal:** O formulario tamén pode presentarse mediante correo postal dirixindo a seguinte dirección:

Confraría de Muxía
CL Porto Pesqueiro SN (Lonxa)
15124 Muxía – A CORUÑA

A Confraría se compromete a estudar as queixas e, en tódolos casos, dará acuse de recibo a todas aquelas cuestión que se tramiten por esta vía nun prazo máximo de 15 días.

Así mesmo, non se dará resposta a queixas e suxestións destinadas a obstaculizar o funcionamento da Confraría o realizada con fins non construtivos.

Por outro lado, animamos aos asociados e demais usuarios a manifestar o seu agradecemento cando reciban un servizo que consideren bo ou moi bo.





7. Entidades asociativas de interese

A confraría informa aos seus membros que existen diversas entidades as cales, se procede, poden afiliarse. A afiliación a esas entidades é voluntaria e compatible coa pertenza a esta confraría:

Asociacións sectoriais:

No seo da Confraría, e integrándose na mesma contamos coa Agrupación Sectorial dos Mariscadores do Percebe, composta por uns 80 membros.

Do mesmo xeito, embarcacións da Confraría están asociadas a outras entidades que velan polos distintos intereses dos sectores representados na mesma. Organizacións de Produtores, Asociacións de Volanteiros, Palangreiros, Arrastreiros, Asociacións de Pesca de Baixura, etcétera.

Doutro lado a Confraría se integra a distintos niveis en Federacións:

- a nivel Provincial na Federación Provincial de Confrarías de A Coruña
- a nivel autonómico na Federación Galega de Confrarías
- a nivel Nacional na Federación Nacional de Confrarías de Pescadores.

Asociacións locais:

A Nivel Local a Confraría participa e colabora co Concello de Muxía en distintos actos e festividades.

Do mesmo xeito participa e colabora con Entidades Locais, Asociacións de Artesáns, Asociacións Culturais, Asociacións de Empresarios e Asociacións Turísticas.

A afiliación a esas entidades é voluntaria e compatible coa pertenza a esta confraría





8. Carta de servizos aos socios e Clientes

Esta confraría presta unha carteira de servizos destinado fundamentalmente aos asociados. A continuación se mencionan os máis importantes, sobre os cales esta confraría asume uns compromisos de calidade.

Servizos aos asociados:

- **Servizos Administrativos**

- **Afiliación** a Confraría: Este trámite realízase nas dependencias da Confraría. En este acto o asociado asina o documento de afiliación e se adscribe ao Censo correspondente (agrupación sectorial). Dende ese momento se adquire a Condición de Afiliado e se ten dereito a totalidade dos servizos prestados pola Confraría, do mesmo xeito se adquire o compromiso das obrigas coa mesma.
- Asistencia e **tramitación** de todo tipo de Documentación para a Administración en relación a súa propia actividade: Solicitudes, Subvencións, Informes.
- **Orientación** sobre asuntos legais relacionados coa pesca e marisqueo.
- **Inscripción** en Cursos de Formación.
- **Asistencia** na Redacción de Recursos en defensa dos asociados (inicios de procedemento).
- Oficina de **Rexistro**.
- **Interlocución** coa Administración Autonómica, Estatal e Local.
- **Orientación** Laboral e Contratación.
- Nóminas e Seguros Sociais do R.E.Mar a través do Sistema **RED** e SILTRA.
- Información **Fiscal Básica**.
- Documentación Relativa a **Despachos** de Buques, Solicitudes Enrole e Desenrole, Certificacións.
- Solicitud de **Licencias**, Permisos, Autorizacións as distintas Administracións.

- **Servizos de Carácter Económico**

- Facilitar a comercialización da produción, de acordo coa normativa vixente.
- Expedición de Documentos de Transporte, Rexistro, etcétera.
- Venda de Pertreitos.
- Venda de Encarnadas e Xeo.
- Servizo de Auga.
- Servizo de Transporte
- Aluguer.
- Servizos de Cámara Frigorífica, Conxelación e Fresco.
- Servizos de Almacenamento.





- **Servizos de Orientación**
 - Orientación sobre asuntos legais relacionados coa pesca e marisqueo
 - Orientación en Materia Laboral e de Seguridade Social (Nóminas, Contratos, Expedientes de Regulación de Emprego, ...)
 - Orientación e difusión de toda a Normativa en materia de Pesca que afecta aos asociados.
 - Orientación en Materia de Prevención de Riscos Laborais e Accidentes de Traballo.

- **Outros Servizos**
 - Vixilancia das zonas da área marítimo e marítimo terrestre que lle foran confiadas
 - Aula de formación.
 - Cursos Formativos impartidos pola Administración ou por outros organismos privados.

- **Compromisos**
 - Velar polo estrito cumprimento da legalidade en materia de pesca, de descarga, primeira venda e de comercialización dos recursos mariños.
 - Velar polo estrito cumprimento da legalidade en material Fiscal, Contable e Laboral. Transparencia.

- **Servizos Telemáticos**
 - **Facturación:** Consulta de Notas de Venda, Facturación, Pesadas, Documentos de Transporte, Facturas de suministros e Servizos.
 - **Social:** Consulta Datos Sociais, Seguridade Social, Cotas Sociais, Buzón de Mensaxes.
 - **Financieira:** Consulta de débedas e pagos.
 - **Impostos:** Resumes trimestrais de IVE, Pago Fraccionado e Resumes anuais.
 - **Nóminas:** Emisión e consulta de Nóminas, Partes de IT, Certificados de Empresa, Indemnizacións, Consulta de Tc's. Remisión electrónica a Tesourería de todos estes datos.
 - **Fomento:** Listas de Tripulantes, Solicitudes de Enrole, Certificados de Embarque, Solicitudes de Despacho.
 - **Certificados:** Certificacións Corrente Obrigas, Certificados Renovacións Permisos Explotación, Certificacións día Hábil marisqueo.
 - **Inscripción en Cursos**
 - **Normativa e Lexislación**





- **Dereitos e obrigas dos socios en relación aos servizos**

Os servizos **Custan** CARTOS.

Os asociados teñen dereito dende o momento da súa Afiliación ao uso de todos servizos que lles ofrece a Confraría. Os servizos teñen un custe que xeralmente se repercuten a través da Cota Social, e excepcionalmente a través de Cotas Excepcionais. A Cota social axuda a manter os servizos no tempo. Para a determinación da Cota a confraría fai uso do cálculo de Custes.

Por tanto e para evitar o despilfarro deben usarse os distintos servizos con sentido común e con moderación, con coidado no material, e con respecto aos medios ou instalacións.

Os asociados poden colaborar na mellora da calidade dos servizos facendo un uso razoable, suxerindo novos servizos (de selo caso) e respectando as normas básicas de uso do servizo. No relativo aos trámites administrativos, resulta especialmente importante que os socios entreguen con tempo suficiente a documentación necesaria. Este proceder permitirá que o persoal da confraría poida realizar o trámite ou servizo coa debida calidade e en prazo.

A Confraría se compromete a manter os servizos e a manter a súa calidade sempre que os Orzamentos o permitan. Excepcionalmente a Confraría previa decisión do órgano de Goberno correspondente pode precisar da túa axuda, a través dunha alícuota para sufragar estes gastos.

Os órganos de goberno e o persoal da Confraría **velan** polo cumprimento dos Compromisos establecidos en relación aos servizos prestados. Estes compromisos se avaliarán periodicamente nas Xuntanzas dos distintos **Órganos de Xestión** sobre a base de unha serie de indicadores que serán elaborados.





9. Dereitos e obrigas dos socios da confraría

Os dereitos e obrigas dos socios están recollidos no artigo 10 e 11 dos [Estatutos](#) os cales reproducimos a continuación, e no [Decreto 8/2014](#) polo que se regulan as Confrarías de Pescadores de Galicia. Tes a túa disposición unha copia dos Estatutos e demais regulamentación no sitio web da Confraría <http://www.cofradiademuxia.gal>

Dereitos dos socios/as

1. Elixir e ser elixidos para cargos de [representación](#) na confraría
2. Exercer acción e [formular](#) recursos en relación aos seus dereitos
3. [Participar](#) aos actos aos que se convoquen sexan convocados os membros
4. [Solicitar](#) ao cabido aclaracións ou informes sobre a xestión da confraría
5. Formular propostas a os representantes
6. Utilizar os [servizos](#) da confraría
7. Participar na constitución e [desenvolvemento](#) das diferentes seccións
8. [Constituírse](#), dentro da confraría, en agrupacións sectoriais
9. Expresar [libremente](#) as súas opinión en materia de asuntos de interese do sector
10. [Reunirse](#) na confraría para tratar asuntos propios da profesión
11. Dispoñer dunha copia dos estatutos e regulamentos de réxime interior
12. Dispoñer dunha copia dos estatutos e regulamento
13. Ter acceso ao censo de afiliados de conformidade coa lexislación vixente

Obrigas dos socios

1. Actuar conforme ao disposto nos estatutos e no regulamento de réxime interior
2. Acatar e [cumprir](#) os acordos validamente adoptados
3. Actuar con lealdade e boa fe, non obstaculizando funcionamento da confraría
4. [Satisfacer](#) as cotas e prestacións de servizos que establezan os órganos de goberno
5. [Participar](#) como persoa membro da comisión ou mesa electoral
6. [Comunicar](#) de xeito rápido á confraría cando cambien as condicións laborais (incapacidade, xubilación, invalidez...)
7. [Respectar](#) a libre manifestación de pareceres e non entorpecer as actividades da confraría
8. Facilitar información solvente e responsable sobre cuestión que non teñan natureza reservada cando lle sexa requirida pola confraría.





As obrigas dos socios coa confraría veñen dadas polos requisitos de incorporación como membro da confraría e a aceptación dos seus regulamentos internos e normativa existente.

A condición de socio/a é un acto **voluntario** e de boa fe que compromete á participación activa dos seus membros na busca de mellora do colectivo e o seu desempeño laboral.





10. O patrón maior e o cabido

O patrón maior representa e, xunto co cabido dirixe a confraría. A confraría dispón dun secretario e outro persoal administrativo para asesorar e atender aos socios.

O Patrón maior é un compañeiro de profesión que foi elixido democraticamente para representarnos e marcar xunto co cabido as liñas mestras da confraría. Así pois, **ten que compatibilizar a súa vida profesional coas funcións que desempeña na confraría.** Por esta razón, os socios non deben abusar da súa confianza para reclamarlle servizos persoais o unha atención privilexiada. Este proceder sobrecarga de traballo o noso Patrón e impídelle atender a outros asuntos de maior importancia.

Con todo, o Patrón Maior está dispoñible para atender aos socios que queiran tratar asuntos de moita relevancia as horas e días que se indican no taboleiro da Confraría. Se prega a todos os socios que fora desas horas sinaladas non acudan ao patrón maior salvo por asuntos de gravidade.

Recomendamos aos socios que antes de dirixirse ao Patrón Maior pregunte nas oficinas da confraría quen é a persoa máis indicada para atender as súas cuestións.



ORGANOS DE GOBERNO ELECTOS

ORGANOS DE GOBERNO 2014-2018			
Nome	Agrupación	Cargo	Censo
CASTRO FERNANDEZ,DANIEL	CONFRARIA	PATRON MAIOR	Arm Altura
VILELA FERRIO,JOSE RAMON	CONFRARIA	VICEPATRON 1º	Marisc.R.Esp
VILELA CARLIN,FELIX	CONFRARIA	VICEPATRON 2º	Arm Rec.Esp
CASTRO FERNANDEZ,JESUS	CONFRARIA	VOCAL CABIDO	Trab Altura
CASTRO FERNANDEZ,FRANCISCO	CONFRARIA	VOCAL CABIDO	Trab Altura
FANDIÑO DOMINGUEZ,MANUEL	CONFRARIA	VOCAL CABIDO	Arm Altura
VALENCIA FILGUEIRA,MANUEL E.	CONFRARIA	VOCAL CABIDO	Arm Altura
LEMA MARCOTE,JOSE MANUEL	CONFRARIA	VOCAL CABIDO	Arm Altura
VILELA CARLIN,MANUEL	CONFRARIA	VOCAL CABIDO	Trab Baixura
CASTRO FERNANDEZ,JAVIER	CONFRARIA	VOCAL X.XERAL ELECCION	Trab Altura
SAR ROMERO,WENCESLAO	CONFRARIA	VOCAL X.XERAL ELECCION	Arm Altura
SAR BARRIENTOS,FRANCISCO	CONFRARIA	VOCAL X.XERAL ELECCION	Trab Altura
BUA VILELA,AURELIANO	CONFRARIA	VOCAL X.XERAL ELECCION	Trab Altura
BUA TRILLO, JUAN RAMON	CONFRARIA	VOCAL X.XERAL ELECCION	Arm Baixura
CARBALLO SAR ,JOSE MANUEL	CONFRARIA	VOCAL X.XERAL ELECCION	Marisc.R.Esp
HAZ SONEIRA,ALEJANDRO	CONFRARIA	VOCAL X.XERAL ELECCION	Arm Rec.Esp
VILELA CARLIN,JOSE	CONFRARIA	VOCAL X.XERAL ELECCION	Arm Baixura
LEMA MOUZO,JOSE ANGEL	CONFRARIA	VOCAL X.XERAL ELECCION	Arm Rec.Esp
SAR ROMERO,FRANCISCO JAVIER	CONFRARIA	VOCAL X.XERAL ELECCION	Arm Altura
VILELA FERRIO,JOSE RAMON	AGRUPACION PERCEBE	PRESIDENTE AGRUPACION	Marisc.R.Esp
PEREZ RODRIGUEZ,CASIMIRO	AGRUPACION PERCEBE	VOCAL AGRUPACION	Marisc.R.Esp
CARBALLO SAR ,JOSE MANUEL	AGRUPACION PERCEBE	VOCAL AGRUPACION	Marisc.R.Esp
HAZ SONEIRA,ALEJANDRO	AGRUPACION PERCEBE	VOCAL AGRUPACION	Arm Rec.Esp
VILELA CARLIN,FELIX	AGRUPACION PERCEBE	VOCAL AGRUPACION	Arm Rec.Esp
LEMA MOUZO,JOSE ANGEL	AGRUPACION PERCEBE	VOCAL AGRUPACION	Arm Rec.Esp





11. *Transparencia e xestión dos conflitos de interese*

A **transparencia** pode definirse como un intento deliberado por parte dunha entidade para crear un entorno de confianza no que promover o acceso libre a información, a comunicación aberta, e a participación de todos os profesionais na toma de decisións. Consideramos que **a transparencia é unha ferramenta de gran calado para a nosa confraría**, é unha “arte” que serve tanto para a mellora da xestión interna, como un xeito de gañarnos a confianza dos nosos socios e das demais partes interesadas.

Os socios poden contribuír a transparencia desta confraría, **solicitando información** ou formulando propostas, poñendo o mellor de cada un, có foco posto na busca do **ben común** antes que nos intereses estritamente persoais.

A Confraría de Muxía aposta pola **Transparencia**, e boa proba de elo e que unha grande parte da documentación non protexida pola Lei de Protección de Datos se publica directamente no sitio web da Confraría. Entre esta documentación podemos atopar Comunicacóns da Administración, Normativa, Plans de Explotación, Contas Anuais, Informes de Auditoría, Actas de órganos de Goberno, etcétera.

Os conflitos de interese son situacións que poden afectar aos socios que ostenten algún cargo no seo da confraría. En certos momentos, estas persoas poden ter intereses persoais que entren en conflito cos intereses da confraría. Ese interese persoal pode vir pola pertenza a outra entidade allea a confraría (partido político, empresa, ...), ou sinxelamente por un interese persoal ou familiar.

A xestión dos conflitos de interese deixou de ser unha cuestión ética, asociada ao bo goberno, a unha norma de imperativo cumprimento para confrarías en virtude do establecido na *Lei 19/2013 de 9 de decembro, acceso a información pública e bo goberno*.

Xestionar axeitadamente os conflitos de interese esixe que a persoa afectada expoña no órgano correspondente o conflito ao que está exposto, para que o propio órgano decida, dentro da normativa vixente, o procedemento a aplicar para paliar o citado problema.

Neste senso, se solicita a **colaboración** de todos os socios para que, se é preciso, **manifesten** as situacións mal xestionadas desde a perspectiva do conflito de interese que observen na nosa confraría.



12. Outras Consideracións



Riscos laborais: política de seguridade e saúde

A nosa confraría como organización con personalidade xurídica propia esta obrigada a cumprir a Lei de Prevención de Riscos Laborais 31/1995 do 8 de novembro, pero ademais, na súa responsabilidade de **asesoramento** ten que **difundir** e axudar os seus socios co fin de que poidan cumprir esta normativa, e colaborar no posible ca administración levando a cabo plans específicos para rebaixar os sinistros no sector.

Dentro da obriga da confraría de instaurar un sistema de prevención, débese ter en conta, que se teñen que avaliar todas as instalacións, tanto as que temos en propiedade como en cesión (oficinas, lonxa, fabrica de xeo, guindastres, embarcacións, bateas, puntos de control, galpóns, ...). Débese por tanto, planificar as medidas preventivas que afecten a todos os traballadores da organización, quedarían excluídos aqueles que pertencen a sub contratados ou a administración (servizos de vixilancia privados, secretarios funcionarios, ...). Nos casos de ter sub contratados débéselles exixir as empresas que nos entreguen a súa planificación preventiva para o posto a desenvolver, para poder facer a oportuna coordinación en materia preventiva.

Na súa labor de asesoramento, a confraría debe explicar a todos os socios que están obrigados a ter un sistema de prevención si teñen traballadores por conta allea ou si na embarcación existen autónomos que non son donos da embarcacións, aínda que estes sexan familiares (cónxuxe, fillos, irmáns, ...). Organizarán charlas informativas para resolver calquera dúbida ou explicar novas obrigas, tamén colaborarán e fomentarán todas as accións formativas que traía unha mellora no cumprimento da materia preventiva.

Ca finalidade de conseguir estes obxectivos as confrarías de Galicia e como mostra do cumprimento da responsabilidade social corporativa crearon o Servizo de Prevención Mancomunado Mar Seguro de Galicia, que ven sendo, unha organización sen ánimo de lucro especializada no sector do mar, para que todas as embarcacións e confrarías poidan cumprir ca normativa e defender os seus intereses diante da administración, servindo de apoio nas funcións de asesoramento e formación que se marca a confraría.





Que facer en caso de accidente laboral?

O primeiro que debe facer o Accidentado e acudir ao Centro Médico ou Hospital para que se lle preste asistencia. No prazo de cinco días debería comunicarse ao Ministerio de Traballo e a Mutua de Accidentes (ISM ou outra) a incidencia. Esta comunicación denomínase Parte Delta e se cumprimenta na Confraría.

Para Solicitar a Prestación de Incapacidade Temporal (I.T) deberemos acudir ao ISM ou Mutua de Accidentes e entregar unha Copia do Parte de Baixa Médica, copia do Parte de Accidente Delta, Copia dos tres últimos recibos de Autónomos ou copia do Tc2 (para traballadores por Conta Allea), e finalmente no caso do marisqueo Certificado día Hábil para o exercicio da actividade. Esta Certificación tamén se expide na Confraría.

Cando o accidente sucedera en fin de semana, o fundamental e acudir ao Servizo de Urgencia para que se lle preste asistencia. A Solicitud da Prestación por IT realízase segundo o indicado no punto anterior.





Beneficios sociais e convenios con outras entidades

A Confraría dende fai varios anos conta coa Colaboración de Mar Seguro de Galicia, esta empresa ofrece servizos de Prevención de Riscos e Actividades Formativas. Os asociados a Confraría contan con descontos especiais polo simple feito de pertencer a mesma.

A través das Federacións téñense asinados convenios con Entidades Bancarias que lles ofrecen servizos a prezos Competitivos.

Ocasionalmente se ten participado con outras Entidades para que os asociados da Confraría poidan acceder a servizos tales como: seguros médicos, de vida, accidente; axudas e becas, visitas a outras entidades, formación.

¿Como axuda a nosa confraría aos novos socio?


- **Previo ao Inicio da Actividade:** Tramitación de Permisos e Licencias para acceder aos Recursos pesqueiros e Marisqueiros. Estas xestión fanse a nivel autonómico e Estatal (por exemplo Licencias de Pesca).
- **Inicio da Actividade:** Tramitación de Altas na Seguridade Social, Rexistro de Contratos no INEM, información sobre o réxime Tributario mais beneficioso para a súa actividade. Afiliación a Confraría.
- **Durante a Actividade:** A parte de todos os servizos que ofrece a Confraría, axuda na xestión propia, en materia Laboral, Fiscal e Seguridade Social.

Na etapa de Inicio da Actividade a Confraría soe **eximir** do pago da Cota Obrigatoria ao asociado durante o seu primeiro ano de pertenza a Confraría (este feito depende do orzamento da Confraría e da súa conta de Resultados).

Ocasionalmente se mercan Pertreitos (roupas de auga, neoprenos e outros) que son postos a **disposición** dos asociados a Prezos moi competitivos.

Finalmente a Confraría ten como un dos seus Obxectivos a **repercusión do hipotético beneficio Contable no asociado**. Habitualmente e sempre en función do beneficio sóense repercutir unha parte deste nos prezos dos servizos e das Cotas Sociais. Tamén e común que parte do beneficio se dirixa ao persoal (beneficios sociais).





Estes beneficios sociais están a disposición de todos sempre que se **comprometan** a participar nas actividades desenroladas pola Confraría ou polas Agrupacións Sectoriais.

- Actividades de voluntariado (participación por exemplo na limpeza de praias)
- Charlas divulgativas (propias e alleas)
- **Participación** nas tarefas de Vixilancia.
- **Asistencia** as Asembleas
- Trato e atención educada, tamén nas reunións
- Valor da Confraría como proxecto colectivo: “non solo pedir para un”.
- Participación na boa **Imaxe Corporativa** que Proxecta a Confraría.



Promoción do voluntariado

A confraría promove o voluntariado entre os seus socios e se fomenta a participación con Entidades de Carácter Social e Medioambiental.



O defensor do socio

Algúns socios das confrarías son moi belixerantes nas súas esixencias para coa confraría sobrecargando ao persoal e o Patrón Maior. Por esta razón o cabido ten nomeado entre os seus membros un **defensor do socio**, coa finalidade de descargar de esta tarefa o patrón maior e atender axeitadamente as suxestións e reclamacións dos socios para con a confraría.





13. Anexo: Datos de actualización e comentarios.

Este manual rematouse de Actualizar na súa primeira Versión o 15 de Agosto de 2016.
Actualizouse durante os días 14,15 e 16 de Setembro de 2016.





Formulario De Suxerencias

Nome: *

Dirección de E-mail: *

Número de teléfono:

Tipo
Suxerencia

Asunto: *

Comentarios: *

Enviar

Se o desexa prema no seguinte enlace para descargar un PDF co formulario para presentar nas dependencias da confraria

[Formulario](#)

